

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANUNCIO DE LISTAXE DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS E DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, NO PROCESO DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO A-1, PARA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO POR VACANTE.

Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, ditouse a Resolución nº264/2019, de data 10 de maio, pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e se fixa a data do primeiro exercicio da oposición do Proceso de selección de Técnico de Administración xeral, que se reproduce en extracto:

“Visto que por medio de resolución desta Alcaldía de data 21 de marzo de 2019, nº 163/2019 resolveuse aprobar as bases e convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura da praza vacante no cadro de persoal municipal do concello de Ponte deume, Técnico Superior en Administración Xeral, adscrito á Area de Administración Xeral e Réxime Interior, Funcionario da escala de Administración Xeral, Grupo A.

Visto que no Boletín Oficial de Provincia nº 62 de data 1 de abril de 2019 se publicou o anuncio das bases da convocatoria.

Visto que pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, ditáronse as Resolucións nº 249/2019 e 256/2019, pola que se aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e se nomeou o tribunal no Proceso de selección de Técnico de Administración xeral.

Visto que en dita Resolución onde se publicaba a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección, concedeuse, consonte á base quinta da convocatoria, un prazo de dous (2) días naturais para a presentación de reclamacións.

Visto que a publicación da citada lista provisional de admitidos e excluídos do proceso de selección, realizouse o 7 de maio de 2019.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, non se presentou reclamación algunha por parte dos aspirantes excluídos.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Aprobar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección, que figuran de seguido:

LISTADO ADMITIDOS.

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	BARRO LÓPEZ OLALLA	***3757**
2	BOUZA CALVO RUBEN	***9339**
3	DE LUIS CARBALLADA CARLOS	***5071**
4	FILGUEIRA CANEIRO EIRAVEDRA ALBA	***0928**
5	LEIRA BELOSO MARÍA	***7220**
6	LOPEZ CANEIRO ALBA LYDIA	***0377**
7	LÓPEZ VILLAR CARMEN	***6873**
8	NUÑEZ PENA ANAIS	***9105**
9	PÉREZ TORRES VIRGINIA	***0274**



10	PÉREZ VÁZQUEZ DIGNA MONTSERRAT	***8536**
11	PICO MARÍN SARA MERCEDES	***1362**
12	POUSO FUSTES MARÍA SANDRA	***6974**
13	PONTE REIRIZ IRIA	***1715**
14	ROCA VÁZQUEZ MARÍA	***4609**
15	SOUTO IGLESIAS NATALIA	***1000**
16	TEIJEIRO MOSQUERA MANUEL GABRIEL	***7887**
17	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ ANA MARÍA	***6932**

SEGUNDO.- Publicar o anuncio da lista definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal www.pontedeume.es.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal de selección o vindeiro día 14 de maio de 2019, as 13,00 horas, para a elaboración do primeiro exercicio da oposición. Convocar ao tribunal e aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición, que terá lugar as 16,30 horas do mesmo día -martes- 14 de maio de 2019, no edificio FOREMDES deste Concello, sito na Avda. Ricardo Sánchez núm. 6 de Pontedeume.

CUARTO: Convocar ao tribunal de selección o vindeiro mércores 15 de maio de 2019 na Casa do Concello de Pontedeume, sita na rúa Real núm. 13, as 16,00 horas, para a corrección do primeiro exercicio da oposición e as 19,00 horas para a apertura pública dos sobres que conterán os datos dos aspirantes que realizaron o primeiro exercicio da oposición.

Ao apto de apertura pública, poderán asistir os aspirantes que así o desexen.

Documento asinado polo Sr. Aclade-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro, na data que figura ao marxe.